

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións:

- Reforma e ampliación de construción tradicional con uso de vivenda, e construción de nova edificación para almacén e garaxe, no núcleo rural 17.3 Manzoi, número 3, parroquia de carballido (exp. 2020/y001/000112).
- Construción dunha nave de produtos agrícolas, sita en muxa de abaixo parroquia de san salvador de muxa (Exp. 2020/Y001/000086).
- Demolición de edificación no núcleo rural de Castro-Vilar-Guntín, parroquia de Meilán (Exp. 202/Y001/000084).
- Demolición de edificacións sitas na Avda. Marqués de Ombreiro, números 12-14-16-18 (Exp. 2022/Y001/000043).
- Construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite no núcleo rural de Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses (Exp. 2021/Y001/000158).

2.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.- Acordouse desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra o decreto 4898, do 6 de maio de 2022, polo que se resolvía non outorgar a licenza de primeira ocupación solicitada para ampliación de edificación para café bar-restaurante na estrada N-640, km 10, Monte de Meda, amparada na licenza urbanística número 396/2018. (exp. 2020/Y002/000032) (recurso 2022/P014/000055).

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac5651440249060058769.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-6-2022

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Adoptáronse os seguintes acordos:

- Prórroga de contratación da prestación dun servizo de mantemento integral de ascensores (lote 1) e de portas automáticas e motorizadas (lote 2) nas instalacións municipais. Exp. Ref 2019-014.

- Contratación dos servizos de prevención e control da lexielose nas instalacións de titularidade municipal e de desinfección, desinsectación e desratización no concello de Lugo. Exp. Ref. 2022/C003/000004. adxudicación.

- Contratación do servizo de conservación e mantemento no campo de herba natural do estadio de atletismo Gregorio Pérez Rivera, no campo de herba artificial do campo de fútbol da polvoreira e no campo de herba natural no campo de béisbol do Ceao. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto. apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022/C003/000012.

- Contratación dun servizo de redacción dun proxecto de zona de baixas emisións no recinto amurallado de Lugo Zbe Zero Corazón Verde dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado a través do ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Código de proxecto 22xx00017 («next generation eu»).

- Contratación dun servizo de mediación financeira e de xestión dun fondo de capital risco participado polo concello de Lugo Exp. ref. 2020/C003/000080. designación da excma. alcaldesa como representante do Excmo. Concello de Lugo no Comité de investimentos do fondo.

4.- PERSOAL .- Acordouse desestimar os recursos de reposición interpostos fronte ao acordo 13/818 da Xunta de Goberno local do 29-12-2021 de atribución temporal de funcións no posto de xefe/a de negociado técnico sup. electricista de brigada de zona rural iluminación.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN TERRITORIAL

5.- MEDIO AMBIENTE.- Acordouse aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do concello de Lugo (PMPDIF).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6.- IGUALDADE E CASA DA MULLER.- Acordouse aprobar a convocatoria subvencións concorrencia do servizo de igualdade ano 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.